

# A estrutura dos salarios en Galiza e a súa distribución

**Boletín número 26**  
**2º trimestre de 2005**


## 1. Fortes desigualdades salariais en Galicia

Os datos que imos utilizar nesta análise proceden da “Enquisa de estrutura salarial 2002” que publicou o INE a finais do 2004. Trátase dunha enquisa harmonizada en toda a Unión Europea, e é a segunda que se fai (a primeira foi no ano 1995). A partir de agora, preténdese que a periodicidade sexa cuadrienal.

A enquisa facilita un amplo abano de táboas, onde poder analizar os salarios desde diferentes vertentes: por sexos, categorías profesionais, sectores, tipos de contrato...; non só permite coñecer a estrutura, senón tamén a distribución salarial.

O ámbito poboacional da enquisa está formado por todos os traballadores que prestan os seus servizos en centros de cotización de 10 ou máis traballadores. Queda excluído da enquisa o persoal do sector primario, da administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, así como o persoal do servizo doméstico.

Segundo esta enquisa, o salario medio bruto anual dos traballadores galegos no ano 2002 acadou os 17.406,81 €; as diferenzas por sexos, ramas de actividade, tipo de contratos... son moi elevadas e máis adiante trataremos de afondar nelas.



Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

O gráfico anterior amosa non só o salario medio estatal no ano 2002 senón o máis frecuente e o mediano, que consideramos datos de interese para Galiza xa que podemos facer unha extrapolación destes.

O salario medio sería a suma do salario de todos os traballadores dividido polo número total de traballadores. Pero un salario alto pode equivaler a varios salarios baixos, co cal o máis frecuente (a moda en terminoloxía estatística) sería o salario baixo, pero a media sería superior a este, de aí a importancia do cadro anterior.

Así, o salario medio na media do Estado foi de 19.802,45 € no ano 2002 (en Galiza 17.406,81 €, un 13,7% inferior), porén o salario máis frecuente (moda) é moi inferior (12.503,29 €), máis de 7.000 € de diferenza; isto explica a percepción que temos a maioría dos cidadáns cando nos falan dos salarios as enquisas, xa que se fala de salarios medios cos que a maioría da xente non se sente identificado, ao consideralos altos en relación aos seus ingresos.

O salario mediano (a mediana en termos estatísticos) sería o salario por encima e por debaixo do cal quedan exactamente o 50% dos casos. No noso caso sería aquel salario no cal hai tanto traballadores cun salario menor como cun salario maior. No caso do Estado español o devandito salario correspóndese con 15.829,61 €.

Se estas porcentaxes se mantivesen para Galiza serían:

- ✓ Salario medio: 17.406,81 €
- ✓ Salario máis frecuente: 10.990,65 €
- ✓ Salario mediano: 13.908,04 €

Evidentemente, estes datos non os podemos tomar como fidedignos ao 100 por 100, pero si como algo moi aproximado á realidade galega. De feito o salario mediano si nolo proporciona a enquisa e correspóndese con 13.546,47 €; o que non nos facilita é o salario máis frecuente, pero dada a escasa desviación que presenta o salario mediano, non é nada arriscado tomar 10.990,65 euros como o máis frecuente.

Podemos asegurar, cunha escasa marxe de erro, que o salario máis frecuente en Galiza é en torno ao 36% inferior ao salario medio.

Entrando a desagregar os datos da enquisa, achegamos en primeiro lugar a distribución do salario por medias e percentís<sup>1</sup>. Os datos que nos ofrece a enquisa son os seguintes:

---

<sup>1</sup> O *percentil* dános o valor da variábel que deixa unha porcentaxe de casos a esquerda e a dereita. Exemplo: o percentil 10 sería, para o noso caso, que só un 10% de traballadores cobran menos esa cantidade e un 90% cobran máis. A mediana sería o percentil 50.

Ganancia media anual, en Galiza, por sexo, media e percentís:

	Media	Percentil 10	Percentil 25	Percentil 50	Percentil 75	Percentil 90
Ambos os sexos	17.406,81	8.379,68	10.812,73	13.546,47	20.636,98	31.075,78
Homes	19.256,63	10.043,60	11.753,78	14.559,75	22.408,89	34.489,58
Mulleres	13.998,69	5.851,62	8.857,93	11.699,27	16.797,87	24.670,40

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

O salario medio en Galiza acadou os 17.406,81 €, 19.256,63 € no caso das homes e 13.998,69 € no caso das mulleres; o que nos dá unha primeira aproximación das fortes diferenzas por sexos que se producen na nosa comunidade; de media as mulleres teñen uns ingresos un 27,3% inferiores aos dos homes.

O devandito salario medio é moi superior ao que ingresan a maioría dos galegos. O percentil 50 ou mediana indícanos que o 50% dos traballadores galegos teñen uns ingresos inferiores a 13.546,47 € (un 22% inferior ao salario medio); de feito soamente o 25% dos homes e o 10% das mulleres teñen ingresos superiores á media, primeiro indicio das fortes e graves desigualdades salariais existentes na nosa comunidade, e do “enganoso” que é falar de salarios medios.

O 10% dos máis pobres en Galiza ingresan menos de 8.379,68 € anuais (10.043,89 no caso dos homes, 5.851,62 € -a metade- no caso das mulleres), mentres que o 10% de maiores ingresos perciben máis de 31.075,78 €, (34.489,58 os homes, 24.670,40 as mulleres). As diferenzas entre os grupos son abismais; **o salario mínimo do 10% das persoas que máis cobran é un 370,8% superior ao salario máximo do 10% das persoas con menores ingresos.** As diferenzas son maiores no caso das mulleres respecto dos homes: o 10% das mulleres con maiores ingresos supera nun 421,5% o 10% máis pobre; no caso dos homes as diferenzas son dun 343,3%.

As menores remuneracións percibidas polas mulleres afloran en todos os intervalos de ingresos. Diciamos ao principio que de media os ingresos das mulleres eran un 27% inferiores aos dos homes, pero unha maior desagregación evidencia en maior medida a gravidade do problema: hai un 10% de mulleres traballadores con ingresos máximos que non acadan os 6.000 €, moi por debaixo do salario mínimo interprofesional; o 50% das mulleres non acada os 12.000 € de ingresos e só un 10% ten unhas ganancias anuais superiores ao salario medio galego.

## Diferenzas territoriais

Dentro do Estado español hai fortes diferenzas salariais, tanto entre as distintas comunidades, como por sexos:

Ganancia media anual por Comunidade Autónoma e sexo:

	Total	Homes	Mulleres	Muller/home
Andalucía	17.793,49	19.404,43	14.478,80	74,6
Aragón	19.281,97	22.204,04	14.064,39	63,3
Asturias	19.838,45	22.114,05	15.194,22	68,7
Baleares	18.574,68	20.677,70	15.601,58	75,4
Canarias	17.270,10	18.812,26	14.808,22	78,7
Cantabria	18.632,27	20.702,87	14.558,79	70,3
Castela – A Mancha	16.688,32	18.331,02	13.550,60	73,9
Castela e León	17.732,77	20.145,18	12.393,44	61,5
Catalunya	20.728,60	24.015,53	15.994,63	66,6
Valencia	17.814,50	19.676,09	14.013,63	71,2
Extremadura	16.401,13	17.769,76	13.850,09	77,9
<b>Galiza</b>	<b>17.406,81</b>	<b>19.256,63</b>	<b>13.998,69</b>	<b>72,7</b>
Madrid	23.183,37	26.538,04	18.348,83	69,1
Murcia	16.528,17	18.269,18	13.404,96	73,3
Navarra	20.960,69	23.305,16	16.781,79	72,0
País Vasco	22.840,34	25.083,25	18.471,86	73,6
A Rioxa	17.718,59	19.734,37	14.143,01	71,6
Ceuta e Melilla	18.611,41	20.243,18	15.878,06	78,4
<b>Total</b>	<b>19.802,45</b>	<b>22.169,16</b>	<b>15.767,56</b>	<b>71,1</b>

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

- ✓ O salario medio dos galegos é un 12,1% inferior á media do Estado.
- ✓ Galiza é a quinta comunidade cos salarios medios máis baixos, só por diante de: Canarias, Castela A Mancha, Extremadura e Murcia.
- ✓ Madrid é a comunidade cos salarios maiores (23.183,37 €), e Extremadura a que os ten menores (16.401,13 €). A diferenza é de preto de 7.000 euros, un 29% menos.
- ✓ De media, as mulleres galegas cobran un 27,3% menos que os homes, diferenza lixeiramente inferior á media estatal, que é dun 28,9%.
- ✓ As diferenzas salariais por sexo son maiores nas comunidades de maiores salarios, por riba da media estatal, coa excepción do País Vasco e Navarra.
- ✓ O salario bruto anual maior entre os homes dáse entre os madrileños; no caso das mulleres, son as vascas as que perciben unhas maiores remuneracións.

## Os salarios por ramas de actividade

As diferenzas salariais segundo as distintas ramas de actividade son abismais. Os datos do cadro que amosamos a continuación así o demostran:

Salarios medios anuais por ramas de actividade en Galiza:

	Total	Homes	Mulleres	Muller/ homes
<b>Todas as actividades</b>	<b>17.406,81</b>	<b>19.256,63</b>	<b>13.998,69</b>	<b>72,70</b>
Industrias extractivas	17.278,96	17.272,50	17.333,73	100,35
Extracción de prod. enerxéticos	36.003,59	0	0	
Extracción doutros minerais	16.634,20	16.546,71	17.355,82	104,89
I. manufactureira	18.041,36	20.403,05	12.327,09	60,42
I. de alimentación, bebidas e tabaco	14.293,36	17.734,34	11.240,80	63,38
I. téxtil	13.685,99	33.657,71	10.756,14	31,96
I. do coiro e calzado	12.765,23	15.391,80	10.054,86	65,33
I. da madeira	14.483,14	14.693,77	13.402,42	91,21
I. do papel	20.672,41	22.707,73	16.046,95	70,67
Refino de petróleo	44.002,69	0	0	
I. química	28.474,75	30.939,27	20.438,18	66,06
I. de transformación de caucho e plásticos	17.338,35	17.733,74	15.872,14	89,50
I. doutros produtos minerais non metálicos	18.051,69	18.418,82	14.508,38	78,77
Metalurxia e fab. de produtos metálicos	17.500,69	17.946,94	12.925,53	72,02
I. de construción de maquinaria	18.198,26	18.640,63	12.787,95	68,60
I. de mat. e equipo eléctrico	18.628,06	19.035,44	16.729,94	87,89
Fabricación de material de transporte	23.215,12	23.905,41	16.833,78	70,42
I. manufactureiras diversas	12.914,99	13.641,59	10.515,84	77,09
Prod. e distribución de enerxía, gas e auga	35.859,54	36.611,09	28.183,26	76,98
Construción	14.492,18	14.528,14	13.831,53	95,21
Comercio	14.349,35	16.207,72	11.675,53	72,04
Hostalaría	10.338,59	10.990,59	9.830,75	89,45
Transporte, almacenamento e comunicacións	18.574,21	18.852,15	17.276,51	91,64
Intermediación financeira	35.066,50	38.259,46	27.366,90	71,53
Actividades inmobiliarios e de aluguer	12.885,86	16.002,89	10.029,64	62,67
Educación	17.146,35	18.904,97	15.949,41	84,37
Act. sanitarias, veterinarias e serv. sociais	21.420,79	26.843,75	19.115,14	71,21
Outras actividades	16.895,01	19.698,36	13.451,60	68,29

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

A diferenza entre a rama de actividade con maior salario bruto anual (refino de petróleo, 44.002,69 €) e a que o ten menor (hostalaría, 10.338,59 €) á moi grande, máis do cuádruple.

Na parte máis alta da táboa sitúanse as actividades relacionadas coa enerxía: refino de petróleo, extracción de produtos enerxéticos e distribución de enerxía. Na máis baixa están hostalaría, industria do coiro e calzado, actividades inmobiliarias..., precisamente aquelas máis intensivas en man de obra.

Tamén entre as distintas ramas de actividade, as diferenzas salariais por sexo son moi elevadas; a categoría profesional, tipo de contrato, etc., explican estas desigualdades.

Nas categorías onde hai menos man de obra feminina: industrias extractivas de todo tipo, construción, transporte..., nas cales as mulleres que hai ocupan, normalmente, categorías altas, non de peón, no organigrama da empresa, os salarios medios por sexos a penas teñen diferenzas. Incluso, no caso de industrias extractivas de minerais, os salarios das mulleres son superiores.

Pero nas ramas de actividade con moita ocupación feminina a situación é a inversa, sendo o caso máis flagrante o da industria téxtil, onde as mulleres -que son a inmensa maioría- cobran o 31,9% dos homes, case un 70% menos. Neste caso, os escasos homes que traballan nesta actividade ocupan cargos de dirección.

## Os salarios por ocupación

A ocupación é unha das variábeis que máis inflúen no nivel salarial. As diferenzas para Galiza son os que amosamos na seguinte táboa.

Ganancia media anual por ocupación e sexo en Galiza:

	Ambos os Sexos	Homes	Mulleres
Total ocupacións	17.406,81	19.256,63	13.998,69
Dirección das admóns. públicas e empresas con máis de 10 asalariados	44.811,43	46.827,49	32.061,37
Profesións asociadas a titulación de 2º e 3º ciclo universitario	31.061,87	35.417,95	24.464,73
Profesións asociadas a 1º ciclo universitario	25.410,23	31.284,92	21.136,07
Técnicos e profesionais de apoio	23.772,79	25.834,70	19.478,07
Empregados de tipo administrativo	15.979,52	20.123,60	13.280,01
Traballadores de servizos de restauración e serv. persoais	11.986,30	12.880,87	11.534,46
Traballadores de protección e seguridade	15.461,40	15.554,98	
Dependentes de comercio e asimilados	13.551,02	15.788,71	11.954,72
Trab. cualificados en agricultura e pesca	13.220,79	13.885,27	
Trab. cualif. da construción	13.728,09	13.780,46	10.639,95
Trab. cualif. industria extrac., metalurxia e constr. maquinaria	18.148,56	18.194,56	16.159,05
Trab. cualif. de artes gráf., téxtil, artesáns...	11.670,87	13.311,63	10.432,55
Montadores e ensambladores	15.344,59	18.214,14	11.034,73
Condutores e operarios de maquinaria móbil	13.875,06	13.986,54	9.913,58
Traballadores non cualificados en servizos	9.613,14	13.358,13	8.071,70
Peóns	11.679,56	12.011,57	10.291,11

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

A función que cada traballador ocupa no mercado laboral marca enormes diferenzas salariais. Os de maiores ingresos (dirección de administracións públicas e empresas con máis de 10 asalariados) superan nun 466% os de menores ingresos, traballadores non cualificados en servizos.

Con respecto ao salario medio, o persoal de dirección en Galiza ten uns ingresos superiores nun 257,4%, moi superiores á media estatal, onde este grupo ocupacional cobra un 176% máis que a media.

As ocupacións asociadas aos diferentes títulos universitarios están entre as de maiores ingresos, así como os salarios dos técnicos de apoio e traballadores cualificados da industria extractiva, metalurxia e maquinaria, todas elas con salarios superiores á media galega.

O resto das ocupacións teñen salarios inferiores á media, sendo os menos remunerados os traballadores non cualificados de servizos, peóns traballadores do téxtil...

As diferenzas salariais son moi elevadas entre as distintas ocupacións, pero dentro da mesma ocupación hai moita heteroxeneidade. Só un dato aclara bastante esta aseveración: en todos os grupos, a mediana é inferior á media; sendo a mediana os ingresos para os cales hai tantos traballadores que cobran máis como que cobran menos; se esta é inferior á media, quere dicir que é máis numeroso o grupo que cobra menos da media.

O grupo de maiores ingresos, o de dirección, diciamos que ten uns ingresos medios de 44.811,43 €, pero hai un 10% de directivos que cobran menos de 26.155,77 € ao ano e un 10% con remuneracións que superan os 68.809,25 €, un 262% máis. Ademais, máis do 50% ingresan menos que a media do grupo; quere isto dicir que existe un pequeno grupo cuns ingresos moi altos que tiran moito da media cara a arriba.

O mesmo acontece co grupo de menores ingresos, traballadores non cualificados en servizos, cuns ingresos medios de 9.614,14 €. Hai un 10% cunhas remuneracións inferiores a 1.910,02 €, mentres que o 10% de maiores ingresos superan os 16.247,65 €, un 850% máis; as diverxencias dentro deste grupo son moi superiores que nas ocupacións de maiores ingresos.

Se facemos a distinción por sexos, repítese o patrón anterior; dirección de empresas e titulacións superiores ocupan os primeiros postos por ingresos, e no lado oposto están os homes peóns e as mulleres non cualificadas traballadoras dos servizos.

En todas as ocupacións os homes cobran máis que as mulleres, pero con fortes diferenzas dunhas a outras. As menores disparidades danse entre os traballadores de servizos de restauración e servizos persoais, onde as mulleres cobran o 89,5% dos homes; pola contra entre os traballadores non cualificados en servizos, as mulleres ingresan o 60,4% dos homes, un 40% menos.

Nas ocupacións de maiores ingresos, o salario das mulleres é en torno ao 32% inferior ao dos homes.

Sen dúbida, nestas fortes diferenzas inflúen máis factores que o xénero; o tipo de xornada, tipo de contrato... son tamén determinantes.

## Salarios e tipo de xornada

O tipo de xornada é determinante na ganancia dun traballador.

Ganancia media anual por tipo de xornada e sexo en Galiza.

	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
Total	17.406,81	19.256,63	13.998,69
Tempo completo	18.387,03	19.668,29	15.644,25
Tempo parcial	7.956,21	10.959,38	6.503,39

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

As diferenzas salariais entre un traballador cunha xornada a tempo completo e unha a tempo parcial son moi elevadas. De media, os traballadores a tempo parcial ingresan un 57% menos que os seus homólogos a tempo completo; as diferenzas son maiores segundo o sexo.

As mulleres cunha xornada a tempo parcial (a maioría dos traballadores a tempo parcial son mulleres) teñen unhas remuneracións un 59% inferiores ás de tempo completo; entre os homes é un 45% menos.

Tamén hai diferenzas importantes segundo o sexo. Entre os que traballan toda a xornada, as mulleres gañan un 20,5% menos que os homes; e entre os de xornada a tempo parcial, as mulleres gañan un 47% menos que os homes.

A explicación hai que busca no tipo de ocupación e actividade que desempeñan uns e outras, xa que o salario hora apenas é diferente en función do tipo de xornada.

Ganancia media por hora, sexo e tipo de xornada en Galiza.<sup>2</sup>

	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
Total	7,59	8,11	6,55
Tempo completo	7,61	8,09	6,58
Tempo parcial	7,21	9,00	6,22

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

Tanto para homes como para mulleres as diferenzas de ganancia hora segundo o tipo de xornada son moi cativas. No caso das mulleres, insignificantes, e no caso dos homes incluso o salario hora dos contratados a tempo parcial é superior aos de tempo completo.

---

<sup>2</sup> Segundo se recolle na metodoloxía, os salarios hora teñen unha marxe de erro relativamente grande nalgúns casos.

## Salario e tipo de contrato

Para podermos facer comparacións homoxéneas entre os distintos tipos de contratos, aos contratos de duración temporal asignóuselles, segundo se especifica na metodoloxía da enquisa, un salario equivalente a se estivesen todo o ano contratados na empresa.

Ganancia media anual por tipo de contrato, sexo, media e percentís en Galiza.

	Tipo contrato	Media	Percentil 10	Percentil 25	Percentil 50	Percentil 75	Percentil 90
Ambos os sexos	Total	17.406,81	8.379,68	10.812,73	13.546,47	20.636,98	31.075,78
	Indefinido	19.679,29	9.230,91	11.726,11	15.427,01	23.641,32	35.573,18
	Temporal	12.567,05	6.773,40	9.322,00	11.551,47	14.045,52	18.966,61
Homes	Total	19.256,63	10.043,60	11.753,78	14.559,75	22.408,89	34.489,58
	Indefinido	21.861,99	10.832,04	12.573,54	17.191,10	26.533,77	38.656,01
	Temporal	13.791,06	8.973,01	10.675,64	12.268,78	14.904,55	20.103,42
Mulleres	Total	13.998,69	5.851,62	8.857,93	11.699,27	16.797,87	24.670,40
	Indefinido	15.712,66	7.437,72	9.850,88	13.075,38	19.389,95	26.713,49
	Temporal	10.244,61	4.295,47	7.403,16	9.441,31	11.912,21	16.056,05

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

As desigualdades que xera o tipo de contrato son moi profundas. En xeral os traballadores galegos cun contrato temporal teñen unhas remuneracións un 38% inferiores aos seus holomólogos cun contrato indefinido.

No caso dos homes, os que disfrutan dun contrato indefinido teñen uns ingresos moi superiores ao salario medio galego (un 25% superior). Non ocorre o mesmo no caso dos de contrato temporal, cuns ingresos un 20% inferiores á media.

No caso das mulleres, sexa cal sexa o tipo de contrato que teñan asignado, os seus ingresos son inferiores á ganancia media en Galiza. No caso das que dispoñen dun contrato indefinido, os ingresos son un 10% inferiores á media e no caso dos temporais, un 40%.

A distribución salarial dentro de cada colectivo tamén é moi heteroxénea. En todos os casos, sexan homes ou mulleres, teñan un contrato indefinido ou temporal, máis do 50% dos asalariados de cada grupo teñen un salario inferior á media do grupo, é dicir, hai moita desigualdade salarial.

Os ingresos maiores corresponden a homes cun contrato indefinido. Hai un 10% cuns ingresos superiores a 38.656,01 € anuais; pola contra hai un 10% de mulleres con remuneracións anuais que non superan os 4.295,47 €. O grupo de maiores ingresos superan nun 900% o de menores.

## Salarios e nivel de estudos

O nivel de estudos é outro factor determinante a hora de percibir un salario ou outro.

Ganancia media anual por traballador, sexo e estudos en Galiza.

	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Todos os estudos	17.406,81	19.256,63	13.998,69
Sen estudos	14.616,32	17.013,81	9.316,55
Educación primaria	14.041,26	15.621,45	10.084,66
Educación secundaria I	13.740,66	15.165,83	10.640,24
Educación secundaria II	19.284,83	22.297,36	14.458,14
FP de grao medio (FP I)	15.975,09	18.333,98	13.735,99
FP de grao superior (FP II)	19.064,82	21.128,88	14.166,73
Diplomados universitarios ou equivalentes	24.112,87	28.781,84	20.196,75
Licenciados e doutores	30.190,60	35.838,39	22.619,89

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

Como regra xeral, podemos afirmar que o salario anual medra a medida que aumenta o nivel de titulación, salvo algunha excepción que ten máis que ver, posibelmente, coa antigüidade na empresa ou tipo de contrato como o caso dos sen estudos, que na inmensa maioría dos casos é xente maior, fixa na empresa e con plus de antigüidade.

Os licenciados universitarios e doutores son o grupo de maiores ingresos. De media, perciben uns salarios un 73% superiores ao salario medio dos galegos; estes, xuntos aos diplomados, educación secundaria II e FP II superan o salario medio.

As diferenzas salariais son maiores a medida que aumenta o nivel académico. Entre os de menor nivel as diferenzas salariais son moi cativas; incluso os de educación primaria teñen uns ingresos lixeiramente inferiores aos sen estudos.

Ao igual que ocorre con todas as variábeis analizadas até o de agora, as diferenzas entre homes e mulleres son moi profundas. Só as mulleres con formación profesional de 1º nivel teñen unha diferenza salarial respecto aos homes por debaixo da media; no resto dos niveis educativos as distancias son maiores do 28%, destacando as sen estudos, con ingresos un 45% inferiores aos dos homes do mesmo nivel.

Tamén o caso das licenciadas universitarias merece un comentario, xa que son despois das sen estudos as que presentan unha desigualdade maior. De media os seus ingresos son un 37% inferiores aos dos licenciados varóns, diferenza que supera en 10 puntos a media .

Se cruzamos o nivel de estudos coa ocupación, os maiores ingresos corresponden a licenciados universitarios con cargos de dirección. No caso das mulleres, aínda que teñen cargos de dirección, para o cal teñen que ser diplomadas ou licenciadas universitarias, os seus ingresos en ningún caso superan os dos varóns con cargo de dirección, teñan estes o nivel de formación que teñan.

Nesta enquisa tamén queda claro o subemprego existente en Galiza: homes e mulleres con titulación universitaria, desempeñando funcións que non requiren ningunha cualificación e cuns ingresos inferiores aos 10.000 €.

## Salarios e idade do traballador

Os cambios no modo de produción e nas relacións laborais producidas nos últimos anos, causa da forte precariedade laboral que afecta hoxe en día a nosa economía e que está afectando en maior medida aos máis novos -por seren os últimos en incorporarse ao mercado laboral, cando xa o novo modelo está plenamente en vigor-, xunto á existencia de pluses como o de antigüidade..., fan que a idade marque diferenzas salariais importantes.

Ganancia media anual por sexo e idade do traballador en Galiza.

	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
Todas as idades	17.406,81	19.256,63	13.998,69
Menos de 20 anos	9.861,65	10.242,11	7.979,69
De 20 a 29 anos	12.675,74	13.664,66	11.136,91
De 30 a 39 anos	16.796,70	18.210,78	14.559,39
De 40 a 49 anos	19.401,09	21.533,76	15.476,78
De 50 a 59 anos	22.636,87	24.670,85	16.521,93
Máis de 60 anos	21.028,48	23.789,51	12.929,44

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

Existe unha clara progresión ascendente dos salarios a medida que aumenta a idade do traballador, que se corta no último tramo; os traballadores con 60 ou máis anos ven reducidos lixeiramente os seus ingresos con respecto ao tramo anterior, descenso moi acusado entre as mulleres e máis sutil entre os homes.

As diferenzas salariais por sexos medran a medida que aumenta a idade dos traballadores.

O salario dun traballador de entre 50 e 59 anos é 2,3 veces superior ao dun de menos de 20 anos. 2,4 veces maior no caso dos homes e 2 veces superior no caso das mulleres. De media, fai falla ser home e ter máis de 30 anos para dispor duns ingresos superiores á media galega. As mulleres non alcanzan este promedio en ningún tramo de idade.

Tendo en conta algúns percentís para as idades, temos un maior detalle da devandita distribución: só un 10% de xente nova con menos de 30 acada un salario superior ao da media galega; queda patente a relación mozo/ baixos ingresos.

Aínda que os traballadores cambian de traballo, a medida que cumpren anos, en moitos casos para mellorar, a experiencia adquirida axuda a isto; a antigüidade na empresa tamén pode ser importante.

## Salarios e antigüidade

Ao igual que ocorría co tema da idade, hai unha clara relación entre os anos de permanencia nunha empresa e o salario percibido.

Ganancia media anual por sexo e antigüidade na empresa en Galiza.

Antigüidade	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
Todas	17.406,81	19.256,63	13.998,69
Menos de 1 ano	12.261,40	13.768,81	9.835,14
De 1 a 3 anos	14.537,98	15.848,90	12.125,48
De 4 a 10 anos	17.621,47	18.900,08	15.586,98
De 11 a 20 anos	21.800,85	23.684,73	18.262,42
De 21 a 29 anos	25.653,46	27.955,03	19.912,97
30 e máis anos <sup>3</sup>	29.658,03	31.467,66	21.987,80

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE.

Evidentemente, estas fortes diferenzas salariais non se explican só en función do plus de antigüidade ou anos de permanencia na empresa. Os cambios producidos nos últimos anos nas relacións laborais, onde priman os contratos temporais, cuns salarios medios moi inferiores aos indefinidos, tamén explican en parte estas diferenzas.

A experiencia adquirida nunha empresa en moitos casos vai acompañada dunha suba na escala de responsabilidades e unhas maiores retribucións.

As diferenzas por sexos tamén son importantes. De media, os homes con máis de 4 anos nunha empresa posúen ingresos que superan o salario medio en Galiza; pola contra, se es muller fan falla máis de 10 anos nunha empresa para acadar os ditos ingresos.

Se imos a unha maior desagregación destes datos: o 75% dos homes con máis de 20 anos de antigüidade ten ingresos superiores ao salario medio; en cambio, soamente un 25% de mulleres.

<sup>3</sup> Para antigüidades superiores aos 30 anos, a mostra non é moi representativa e polo tanto hai unha marxe de erro elevada.

## ANEXOS

Hai outros datos que facilita a enquisa, e que creo máis conveniente achegar como anexos, non por que sexan menos importantes senón, nalgún caso, pola dificultade que teñen de se integrar no texto e noutros pola falta de homoxeneidade cos datos utilizados.

### Ganancia media anual na Unión Europea dos 15

Comparar os datos de salarios de Galiza, ou do Estado español, cos da Unión Europea en euros, non é nada rigoroso, xa que os niveis de prezos son moi distintos dun país a outro. Para podermos facer unha análise comparativa homoxénea deberíamos dispor dos datos en paridade de poder de compra, que non temos, pero dada a importancia destes considereirei importante introducilos a nivel informativo.

Ganancia media na UE.

	Euros
Total	30.515
Homes	34.030
Mulleres	25.325

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. Eurostat.

Podemos destacar que en euros os salarios galegos son moi inferiores á media europea, e que as diferenzas entre homes e mulleres son lixeiramente menores na media comunitaria que en Galiza. Mentres unha muller traballadora galega ten uns ingresos un 28.3% inferiores aos dos homes en Galiza, na media da UE as distancias son dun 25,5%.

### Ganancia media por traballador segundo o control da empresa

Ganancia media anual por sexo e control da empresa. Galiza.

	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
Total	17.406,81	19.256,63	13.998,69
Empresa de control público	24.659,51	27.457,96	21.807,05
Empresa de control privado	16.391,54	18.389,42	12.366,97

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE

As diferenzas entre ofrecer o teu traballo nunha empresa de control público ou privado son abismais. De media, un asalariado dunha empresa privada ingresa un 33,5% menos que un que presta os seus servizos nunha empresa pública.

Non só os ingresos son maiores, senón tamén as diferenzas de xénero son menores na empresa pública. As traballadoras de empresas de control público gañan un 20,5% menos que os seus compañeiros varóns, mentres na empresa privada as diferenzas son dun 32,7%.

Os menores ingresos percíbenos as traballadoras do sector privado, que apenas sobrepasan os 12.000 euros.

## Ganancia media anual segundo tipo de convenio

Ganancia media anual por traballador, sexo e tipo de convenio. Galiza

	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Todos os convenios	17.406,81	19.256,63	13.998,69
Conv. estatal de sector de actividade	17.636,05	20.369,91	14.079,08
Outro ámbito superior á empresa	14.363,85	15.711,97	11.300,10
Empresa	23.502,93	25.387,85	17.732,92
Centro de traballo	21.086,72	23.726,56	15.772,94
Outro	21.023,59	22.750,46	19.790,02

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE

Os traballadores con maiores ingresos son os amparados por convenios de empresa.

Os menores corresponden con convenios doutro ámbito superior a da empresa.

As menores diferenzas entre sexos danse noutro tipo de convenios.

## Ganancia media por tamaño da unidade

Ganancia media por tamaño da unidade e sexo.

Nº de traballadores	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
Total	17.406,81	19.256,63	13.998,69
De 10 a 19	13.301,96	14.219,86	11.242,30
De 20 a 49	14.842,08	16.371,71	11.541,75
De 50 a 99	16.624,07	18.391,68	13.340,17
De 100 a 199	16.442,41	19.063,83	12.336,11
De 200 e máis.	23.112,83	26.495,53	18.002,69

Fonte: Enquisa de estrutura salarial 2002. INE

Ao igual que ocorre coa idade, hai unha clara progresión ascendente dos salarios a medida que aumente o tamaño da empresa ou unidade de traballo.

Por sexos, as maiores diferenzas danse nas empresas de maior tamaño. A maior acumulación de altos cargos e cargos intermedios nestas empresas, xeralmente homes, fan que as diferenzas sexan maiores.

## 2. O IPC no mes de abril sitúase no 3,5%

mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec	xan	feb.	mar	abr.
3,4	3,5	3,4	3,3	3,2	3,6	3,5	3,2	3,1	3,3	3,4	3,5

A evolución dos prezos non é moi favorable ó longo do ano 2005, no mes de abril a suba interanual dos prezos é do 3,5%, un taxa 8 décimas superior á rexistrada no mesmo mes do ano anterior.